

ORDENANZA REGULADORA Nº 35 DA TAXA POLOS SERVIZOS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL

Artigo 1.- Fundamento e obxecto.

De conformidade co establecido nos artigos 57 e 20.4.w) do R.D. legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o concello de Mondoñedo establece a taxa polos servizos da biblioteca pública.

É obxecto desta ordenanza a prestación dos seguintes servizos:

a) o ser socio/a da biblioteca pública municipal, que implica o servizo de empréstito a domicilio dos libros que forman parte da biblioteca municipal.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de biblioteca municipal.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Terán a consideración de suxeito pasivo da taxa, as persoas que soliciten ou resulten beneficiadas pola utilización do servizo de biblioteca municipal.

Artigo 4.- Responsables.

A responsabilidade tributaria será asumida nos termos establecidos no artigo 41 da Lei 58/2003, Xeral tributaria.

Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente, os artigos 42 e 43 da Lei Xeral tributaria, sen prexuízo de que as leis establezan outros supostos de responsabilidade solidaria e subsidiaria distintos aos previstos nos preceptos citados.

Artigo 5.- Cota tributaria.

A cota tributaria a esixir pola prestación do servizo de biblioteca municipal determinarase en función do uso das instalacións e fondos documentais, segundo a seguinte tarifa:

1. Pola expedición do carné de socio/a da biblioteca municipal ... 5,00 €
2. Cota anual de mantemento de carnes de socios da biblioteca municipal..... 5,00€

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa, agás as expresamente previstas nas normas con rango de lei ou as derivadas de aplicación de tratados internacionais.

Artigo 7.- Devengo

Se devenga a Taxa e nace a obriga de contribuír, no caso da tarifa 1 cando se solicite o carné de socio e no caso da tarifa 2 con carácter anual e data de devengo a 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 8.- Normas de xestión.

A xestión e recadación dos prezos públicos regulados na presente ordenanza realizarase polo persoal da biblioteca municipal. A prestación dos servizos solicitarase ao persoal da biblioteca, que expedirá os correspondentes recibos. Con carácter trimestral darase conta á intervención municipal dos servizos prestados e do importe dos mesmos; procedéndose aos correspondentes ingresos na conta habilitada ao efecto.

Artigo 9.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias, estarase ao disposto no artigo 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación dende a mesma data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi publicada definitivamente no B.O.P. nº 77 de 2 de abril do 2012.